

COÑECES OS TEUS DEREITOS?

CONVENCIÓN SOBRE OS DEREITOS DO NENO

Versión resumida



UNICEF promove os dereitos e o benestar de todos os nenos e nenas en todo o que facemos. Xunto aos nosos aliados, traballamos en 190 países e territorios para transformar este compromiso en accións prácticas, centrando especialmente os nosos esforzos en chegar aos nenos máis vulnerables e excluídos para o beneficio de todos os nenos, en todas partes.

Fotografía

Portada: © UNICEF/SUDA2014-XX585/Noorani
Páxina 5: © UNICEF/UGDA201400150/Dyer
Páxina 6 (arriba): © UNICEF/NYHQ2009-1755/Markisz
Páxina 6 (abaixo): © UNICEF/BANA2013-00429/Mawa
Páxina 7 (arriba): © UNICEF/NYHQ2012-1416/Sokol
Páxina 7 (abaixo): © UNICEF/HIVA2014-00030/Schermbrucker
Páxina 8 (arriba): © UNICEF/LaoPDR01842/Holmes
Páxina 8 (abaixo): © UNICEF/UGDA2012-00152/Nakibuuka
Páxina 9 (arriba): © UNICEF/NYHQ2013-1517/Pirozzi
Páxina 9 (abaixo): © UNICEF/BANA2012-02019/Mawa
Páxina 10 (arriba): © UNICEF/NYHQ2014-1111/Khuzaie
Páxina 10 (abaixo): © UNICEF/INDA2011-00024/Crouch
Páxina 11 (arriba): © UNICEF/NYHQ2006-1880/Few
Páxina 11 (abaixo): © UNICEF/BANA2014-01300/Paul
Páxina 12 (arriba): © UNICEF/INDA2011-00091/Crouch
Páxina 12 (abaixo): © UNICEF/NYHQ2011-0963/Ramoned
Páxina 13 (arriba): © UNICEF/INDA2013-00232/
Páxina 13 (abaixo): © UNICEF/PFP2014P-0868/Lynch
Páxina 14 (arriba): © UNICEF/INDA2011-00024/Crouch
Páxina 14 (abaixo): © UNICEF/SLRA2013-0960/Asselin
Páxina 15 (arriba): © UNICEF/SLRA2013-0044/Asselin
Páxina 15 (abaixo): © UNICEF/NYHQ2012-0092/Zaidi
Páxina 16 (arriba): © UNICEF/NYHQ2012-2087/Friedman-Rudovsky

Páxina 16 (abaixo): © UNICEF/NYHQ2014-0230/Knowles-Coursin
Páxina 17 (arriba): © UNICEF/NYHQ2013-1394/Noorani
Páxina 17 (abaixo): © UNICEF/NYHQ2012-2264/Markisz
Páxina 18 (arriba): © UNICEF/UGDA201400332/Vassie
Páxina 18 (abaixo): © UNICEF/BANA2014-00965/Adnan
Páxina 19 (arriba): © UNICEF/PFP2014P-0780/Holt
Páxina 19 (abaixo): © UNICEF/PFP2014-1104/Balasundaram
Páxina 20 (arriba): © UNICEF/NYHQ2014-1267/Crespo
Páxina 20 (abaixo): © UNICEF/NYHQ1993-0858/Daher
Páxina 21 (arriba): © UNICEF/NYHQ2014-0628/Phelps
Páxina 21 (abaixo): © UNICEF/SUDA2014-XX774/
Páxina 22 (arriba): © UNICEF/NYHQ2010-0795/Holt
Páxina 22 (abaixo): © UNICEF/NYHQ2011-2384/Pirozzi
Páxina 23 (arriba): © UNICEF/ETHA_2014_00236/Ose
Páxina 23 (abaixo): © UNICEF/NYHQ1992-0298/Perkell
Páxina 24 (arriba): © UNICEF/NYHQ2009-1931/Pirozzi
Páxina 24 (abaixo): © UNICEF/NYHQ2004-0666/Brooks
Páxina 25 (arriba): © UNICEF/AFGA2007-00426/Noorani
Páxina 25 (abaixo): © UNICEF/NYHQ2007-1865/Estey
Páxina 26 (arriba): © UNICEF/SRLA2011-0387/Asselin
Páxina 26 (abaixo): © UNICEF/MLWB2010-685/Chagara
Páxina 27: © UNICEF/NYHQ2010-1043/Markisz

TODOS OS NENOS E NENAS TEÑEN DEREITOS COÑÉCELOS?

>> A convención das Nacións Unidas de 1989 sobre os Dereitos do Neno recolle os dereitos de todos os menores de 18 anos.

>> Todos os dereitos son igual de importantes e debemos traballar para que se cumpran en todo o mundo.

>> Estes dereitos reflíctense nas políticas que os gobernos deben asegurar e nas actitudes que todos debemos manter para que cada menor poida vivir con dignidade e desenvolverse.

Un gran dereito conleva unha gran responsabilidade

Os dereitos levan asociadas responsabilidades, é dicir, os artigos da Convención son de obrigatorio cumprimento para todos os gobernos e para todas as persoas. Case todos os países do mundo comprometéronse a cumprilos e cada un deles reflectiunos nas súas leis e nas súas políticas públicas. Existe un Comité de Dereitos do Neno que vixía que os Estados cumpran co seu compromiso e onde se poden denunciar os casos nos que os gobernos non estean a cumprir coa súa obrigaçión.

20 DE NOVIEMBRE

En 1959 as Nacións Unidas aprobaron a Declaración dos Dereitos do Neno que incluía dez principios. Isto supuxo un gran avance, pero non era suficiente para protexer os dereitos da infancia porque legalmente non tiña carácter obrigatorio. En 1978 o goberno de Polonia presentou ás Nacións Unidas unha versión provisional dunha convención sobre os dereitos dos nenos. Tras dez anos de negociacións con gobernos de todo o mundo, líderes relixiosos, ONG e outras institucións, logrouse acordar o texto final da **Convención sobre os Dereitos do Neno o 20 de novembro de 1989**, cuxo cumprimento sería obrigatorio para todos os países que a subscribisen. Converteuse en lei en 1990, despois de ser asinada e aceptada por 20 países, (entre eles España onde entrou en vigor o 5 de xaneiro de 1991). Hoxe a Convención xa foi aceptada por practicamente todos os países do mundo. Desde entón, cada 20 de novembro celébrase en todo o mundo o Día Universal da Infancia.

DEREITOS, POR PRINCIPIO

Os dereitos da infancia baséanse en catro principios fundamentais:

PRINCIPIO 1

A NON DISCRIMINACIÓN

Todos os nenos e nenas teñen os mesmos dereitos: en todo caso, en todo momento e sen excepcións. Non importa a súa cor de pel, a súa relixión, a súa procedencia ou as ideas dos seus pais.

PRINCIPIO 2

O INTERÉS SUPERIOR DO MENOR

Calquera decisión, lei, ou política que poida afectar á infancia ten que ter en conta que é o mellor para os menores. Cando os adultos tomen decisións teñen que pensar en como poden afectarlles.

PRINCIPIO 3

O DEREITO Á VIDA, Á SUPERVIVENCIA E Ó DESENVOLVEMENTO

Todos os nenos e nenas teñen dereito a vivir, a desenvolverse e a alcanzar o seu máximo potencial na vida. Isto inclúe ter dereito, por exemplo, a unha alimentación e aloxamentos adecuados, a auga potable, a educación, a atención sanitaria, ao xogo e ao descanso, a actividades culturais e a información sobre os seus dereitos.

PRINCIPIO 4

A PARTICIPACIÓN

Os menores de idade teñen dereito a ser consultados sobre as situacións que lles afecten e a que as súas opinións sexan tomadas en conta. Isto non significa que poidan facer sempre o que queiran, sen facer caso aos maiores. As posibilidades de participación deben ir aumentando coa idade para que os menores vaian alcanzando madurez.



QUEN VEA POLA CONVENCIÓN?



O obxectivo das Nacións Unidas é unir a todas as nacións do mundo para traballar en favor da paz e o desenvolvemento sobre a

base dos principios de xustiza, dignidade humana e benestar de todos os pobos. A sede das Nacións Unidas está en Nova York, en Estados Unidos, pero o terreo e os edificios son considerados territorio internacional. As Nacións Unidas teñen bandeira, correo e selos propios, coma se fose un país aparte: o país de todos. Utilízanse 6 idiomas oficiais: árabe, chinés, español, francés, inglés e ruso. A Asemblea Xeral é o principal órgano de debate das Nacións Unidas e están representados os seus 191 estados membros. Aí é onde se aprobou a Convención sobre os Dereitos do Neno.



UNICEF é a axencia de Nacións Unidas que traballa en todo o mundo para ofrecer aos nenos e nenas o mellor comezo posible da vida, para axudar a que poidan sobrevivir e desenvolverse plenamente, para que vaian á escola, para contribuír a protexelos contra todo tipo de violencia e catástrofe ou emerxencia, en definitiva, para que se cumpran todos e cada un dos 54 artigos da Convención sobre os Dereitos do Neno. Esta misión necesita de poderosos aliados e de xente coma ti. Apúntaste? En www.unicef.es atoparás máis información.

QUE É UN NENO?
E UNHA NENA?

01. DEFINICIÓN DE NENO

A Convención aplicase a todas as persoas menores de 18 anos de idade.



TODOS IGUAIS,
TODOS DIFERENTES!

02. NON DISCRIMINACIÓN

Todos os nenos e nenas teñen todos os dereitos recollidos na Convención: sen importar de onde sexas, nin o teu sexo ou cor de pel, nin que lingua fales, nin a situación económica da túa familia, nin as túas crenzas ou as dos teus pais, nin que padezas algunha discapacidade.

03. O INTERÉS SUPERIOR DO MENOR

Cando as autoridades, ou as persoas adultas, adopten decisións que teñan que ver contigo deberán facer aquilo que sexa mellor para o teu desenvolvemento e benestar.

SEMPRE O MELLOR!



*HAI QUE CUMPRILLOS
EN TODO O MUNDO!*

04. APLICACIÓN DOS DEREITOS

Os Gobernos (e as autoridades rexionais e locais) deben facer que se cumpran todos os dereitos recollidos na Convención. Deben axudar á túa familia a garantir os teus dereitos e tamén deben colaborar con outros países para que se cumpran en todo o mundo.

MELLOR EN FAMILIA!

05. ORIENTACIÓN DOS PAIS E NAIS

As autoridades deben respectar as responsabilidades, dereitos e deberes dos teus pais e os das persoas que sexan responsables da túa educación. A túa familia ten a responsabilidade de axudarche a exercer os teus dereitos.



VIVA A VIDA!

06. SUPERVIVENCIA E DESENVOLVEMENTO

Todos os nenos e nenas teñen dereito á vida. Os Gobernos deben facer todo o posible para asegurar a túa supervivencia e desenvolvemento.

O MEU NOME CONTA!

07. NOME E NACIONALIDADE

Cando naces tes dereito a ser inscrito nun rexistro e a recibir un nome e unha nacionalidade, a coñecer aos teus pais e a ser coidado por eles.



08. IDENTIDADE

As autoridades deben respectar a túa identidade, nome, nacionalidade e relacións familiares

*A MIÑA IDENTIDADE,
A SALVO!*

QUÉRDOS POR IGUAL!

09. SEPARACIÓN DOS PAIS

Ningún menor debe ser separado dos seus responsables a menos que sexa polo seu propio ben. No caso de que estean separados, tes dereito a manter contacto con ambos facilmente.



MELLOR XUNTOS!

10. REUNIÓN DA FAMILIA

Se, por calquera circunstancia, vives nun país e os teus pais noutro, tes dereito a entrar no país no que estean os teus pais e reunirse con eles, ou a que os teus pais se reúnan contigo.

A SALVO!

11. TRASLADOS E RETENCIONS ILÍCITAS

As autoridades deben evitar que te leven de forma ilegal a outro país ou que te reteñan ilegalmente.



TEÑO UNHA VOZ!

12. OPINIÓ DE NENOS, NENAS E ADOLESCENTES

Tes dereito a opinar e a que esa opinión, de acordo coa túa idade e madurez, sexa tida en conta cando as persoas adultas vaian tomar unha decisión que che afecte.

*AS MIÑAS
PALABRAS CONTAN!*

13. LIBERDADE DE EXPRESIÓN

Tes dereito a expresar libremente as túas opinións e a buscar, recibir e difundir informacións e ideas de todo tipo, sempre que non vaian en contra dos dereitos doutras persoas.



É O QUE CREO!

14. LIBERDADE DE CONCIENCIA, RELIXIÓN E PENSAMENTO

As autoridades deben respectar o teu dereito á liberdade de pensamento, conciencia e relixión.

MELLOR COS AMIGOS!

15. LIBERDADE DE ASOCIACIÓN

Podes asociarte libremente, crear asociacións e reunirse pacíficamente con outros mozos e mozas, sempre que estas actividades non vaian en contra dos dereitos doutras persoas.



16. PROTECCIÓN DA INTIMIDADE

Tes dereito a unha vida privada propia, a que se respecte a túa vida familiar e á intimidade do voso domicilio, a que non che abran a correspondencia e a que ningún ataque a túa boa imaxe.

TEÑO O MEU ESPAZO!

QUERO SABER!

17. ACCESO A UNHA INFORMACIÓN ADECUADA

Tes dereito a recibir información a través dos libros, os xornais, a radio, a televisión, Internet... En especial a información que sexa importante para o teu benestar e desenvolvemento. As persoas adultas coidarán de que esta información sexa adecuada e protexerante de contidos nocivos.



*A MIÑA FAMILIA
COIDAME E QUÉREME!*

18. FAMILIA E AS SÚAS RESPONSABILIDADES

A túa familia é a responsable da túa educación e desenvolvemento e debe actuar pensando no teu interese. As autoridades darán axuda cando sexa necesario.

NON Á VIOLENCIA!

19. PROTECCIÓN CONTRA OS MALOS TRATOS

As autoridades deberán protexerte dos malos tratos, os abusos e a violencia, tamén dos que proveñan dos teus pais ou responsables legais.



NINGUÉN ESTÁ SOLO!

20. PROTECCIÓN DOS MENORES SEN FAMILIA

Tes dereito a unha protección e axuda especiais no caso de que non teñas pais ou que estes non estean contigo. Esta axuda terá en conta que poidas continuar a túa educación e que poidas manter a túa lingua e as túas prácticas culturais ou relixiosas.

*CON TODAS
AS GARANTÍAS!*

21. ADOPCIÓN

En caso de adopción sempre se debe ter en conta, por encima de todo, o benestar do neno ou a nena.



*FÓRA DA CASA,
TAMÉN A CUBERTO!*

22. MENORES REFUXIADOS

Os menores refuxiados (que fosen obrigados a abandonar o seu país por unha guerra, unha catástrofe natural ou outra circunstancia) serán obxecto de protección especial. As autoridades deberán colaborar coas organizacións que os axudan e protexen.

OS MESMOS DEREITOS!

23. OS MENORES DISCAPACITADOS

Se sofres algunha discapacidade física ou mental, tes dereito a coidados e atencións especiais que garantan a túa educación e capacitación co fin de axudarche a que goces dunha vida plena.



24. A SAÚDE E OS SERVIZOS SANITARIOS

Tes dereito a gozar do nivel máis alto posible de saúde (que inclúe auga potable, unha boa hixiene e alimentación) e a recibir atención médica cando enfermes. Os Gobernos deberán cooperar cos doutros países para que este dereito sexa unha realidade en todo o mundo.

*SAÚDE PARA
TODO O MUNDO!*

PROTECCIÓN A MEDIDA!

25. CONDICIÓN DE INTERNAMENTO

Se permaneces temporalmente nun establecemento para protexerte ou para curarte dunha enfermidade física ou mental, débese revisar periodicamente a túa situación para comprobar que o internamento sexa apropiado e non se prolongue máis da conta.



*ACCESO Á SAÚDE
SEN TRABAS!*

26. A SEGURIDADE SOCIAL

Os Estados deben recoñecer a todos os nenos e nenas o dereito para beneficiarse da seguridade social e teñen que poñer os medios para que este dereito sexa unha realidade.

27. O NIVEL DE VIDA

Tes dereito a un nivel de vida adecuado para o teu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral e social. Os teus pais son os responsables de que teñas o necesario para vivir dunha forma digna, pero se eles non poden proporcionarcho as autoridades deben axudalos.

*A SALVO DA
POBREZA!*



EDUCACIÓN SEMPRE!

28. A EDUCACIÓN

Tes dereito á educación. A educación primaria debe ser obrigatoria e gratuíta, e debes ter facilidades para acceder á educación secundaria ou ir á universidade. A orientación e a información sobre as túas opcións educativas e profesionais forman tamén parte da túa educación. Os Gobernos dos países deben colaborar para que isto sexa unha realidade en todo o mundo.

29. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN

A educación deberá estar encamiñada a desenvolver a túa personalidade, aptitudes e capacidades mentais e físicas ata o máximo das túas posibilidades. Debe prepararte para ser unha persoa respectuosa e responsable con outras persoas, outras culturas e o medio ambiente e para formar parte activa dunha sociedade libre, tolerante e pacífica.

APRENDEMOS E MELLORAMOS!



*KARIBU! PASAYKAMUY!
BENVIDOS!*

30. MINORÍAS ÉTNICAS OU RELIXIOSAS

Se pertences a unha minoría étnica ou relixiosa, débese respectar o teu dereito para vivir segundo a túa cultura, practicar a túa relixión e a falar a túa propia lingua.

XOGANDO APRENDO

31. O OCIO E A CULTURA

Tes dereito ao xogo, ao descanso e ás actividades recreativas e culturais



32. O TRABALLO INFANTIL

Tes dereito a protección fronte a calquera tipo de traballo perigoso para a túa saúde ou que che impida ir á escola. Non podes traballar ata cumprir unha idade mínima e, se o fas, débense cumprir unhas condicións apropiadas nos horarios e condicións de traballo.

*SEN PERIGOS
NIN ABUSOS!*

33. O USO DE DROGAS ILEGAIS

O Estado é responsable de protexerte das drogas ilegais e do tráfico de drogas e debe establecer as medidas lexislativas, administrativas, sociais e educativas necesarias para conseguilo.

DROGAS NON!



NIN UN ABUSO MÁIS!

34. A EXPLOTACIÓN SEXUAL

As autoridades deben protexerte da explotación e os abusos sexuais, incluídas a prostitución e a participación en espectáculos ou materiais pornográficos.

*NON SOMOS
MERCADORÍA!*

35. A VENDA E O SECUESTRO DE MENORES

Os Gobernos deben tomar todas as medidas que sexan necesarias para impedir a venda, a trata e o secuestro de nenos e nenas.



*NINGÚN PODE
EXPLOTARME!*

36. OUTRAS FORMAS DE EXPLOTACIÓN

Tes dereito a estar protexido contra as demais formas de explotación que sexan prexudiciais para o teu benestar.

CASTIGO CON MEDIDA!

37. TORTURA E CÁRCERE

Ningún neno, nena ou adolescente pode ser sometido a torturas nin a outros tratos ou penas crueis. Se cometiches un delito non se che impondrá a pena de morte nin a de cadea perpetua. Se te xulgan e declaran culpable só deberás ir a prisión como último recurso e só o tempo mínimo para cumprir o teu castigo. Nunca deberás estar nas mesmas prisións que as persoas adultas e terás dereito a manter contacto coa túa familia.



*NON SOMOS
SOLDADOS!*

38. CONFLITOS ARMADOS

En tempos de guerra non poderás ser recrutado como soldado nin participar nos combates. Os nenos e nenas tedes dereito a unha protección especial en caso de conflito.

UNHA NOVA
OPORTUNIDADE!

39. RECUPERACIÓN E REINSERCIÓN SOCIAL

Se sufriches malos tratos, explotación, abandono ou estiveches nunha guerra, tes dereito a que se ocupen de ti para recuperararte física, social e psicolóxicamente.



40. XUSTIZA E MENORES

Tes dereito a defenderte con todas as garantías cando te acusen de cometer un delito. Os xuíces e avogados deberán ser especialmente coidadosos cando xulguen persoas de menos de 18 anos, e as leis deben establecer unha idade mínima antes da cal non poden ser xulgados coma se fosen persoas adultas.

É DE XUSTIZA!

41. A LEI MÁIS FAVORABLE

Se hai leis distintas á Convención que se poidan aplicar nalgún caso que che afecte, sempre se aplicará a que sexa máis favorable para ti.

MELLOR SE É MELLOR!



QUE CORRA A VOZ!

42. DIFUSIÓN DA CONVENCIÓN

Tes dereito a coñecer os dereitos contidos nesta Convención. Os Gobernos teñen o deber de difundila entre menores de idade e adultos.

43-54. DO ARTIGO 43 AO ARTIGO 54

Os artigos 43 a 54 explican como os
Gobernos e organizacións internacionais,
como UNICEF, deben colaborar para que se
cumpran os anteriores dereitos.

FAGÁMOLO POSIBLE!



*A CONVENCIÓN
MEDRA E
ACTUALÍZASE!*

PROTOCOLOS FACULTATIVOS

Os protocolos complementan a
Convención sobre os Dereitos do Neno e
actualizan algúns temas que requiren ser
tratados con máis profundidade.

**>> Protocolo facultativo sobre a
participación dos nenos nos
conflitos armados (2000)**

**>> Protocolo facultativo sobre a
venta de nenos, a prostitución
infantil e a utilización dos nenos na
pornografía (2000)**

**>> Protocolo facultativo da
Convención sobre os Dereitos do
Neno relativo a un procedemento
de comunicacións (2012)**

